

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 23 DE ABRIL DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de abril de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 16 de Abril do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### LICENZAS OBRAS MAIORES.-

Habéndose advertido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de abril pasado, na ubicación do inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, por unanimidade, acorda correxilo quedando o acordo do seguinte xeito:

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22

do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **EXPTE. Nº: 28/03/2007/1620-OM/101.**

**A PROMOCIONS BOPORTE S.L.** con domicilio na avenida do Ribeiro núm. 58, 1º esquerda, para levar a cabo as obras de construción dun edificio composto de planta baixa para garaxe, tres plantas altas para 12 vivendas e baixo cuberta para trasteiros no inmovible sito na estrada de Francelos nº 34 (Ref. Catastral núm. 0015.6-37) segundo o proxecto básico e de execución do arquitecto Don Ramón P. Quiroga Alvarez, con visado de data 19 de marzo de 2007.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Construción dun edificio composto de planta baixa para garaxe, tres plantas altas para 12 vivendas e baixo cuberta para trasteiros.

**Contía na que se orzan as obras:** 627.752,70 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Estrada de Francelos núm. 34.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Don Ramón P. Quiroga Alvarez (Dirección facultativa) e Don Juan C. González Loeda (Execución material).

**Nome ou razón social do promotor:** Promocións Bopoerte S.L.

**Prazos:** Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

**Liquidación ICIO:** Tendo en conta que con data 28.03..07, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 16.321,57 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 627.752,70 euros, practícase liquidación complementaria polo

Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalación e obras, coincidindo coa contía xa aboada.

**Outras condicións:** Consta Estudio de Seguridade e Saúde, redactado por D. Ramón P. Quiroga Álvarez. Visado 19 de marzo de 2007; Proxecto de Infraestruturas, redactado por: D. Rafael Díaz Rodríguez. con visado 26.03.07; Encargos de Dirección: Facultativa a prol de: D. Ramón Quiroga Álvarez. Arquitecto Superior e de Execución Material a prol de D. Juan C. González Loeda. Aparellador-Arquitecto Técnico.

O programa de vivendas e superficies correspondese co seguintes desglose:

Superficies construídas:

Planta Baixa construída	449,88 M2
Plantas Tipo	1.101,12 M2
Planta B.C.	<u>223,77 M2</u>
TOTAL	1.774,77 M2

1.1 Prototipos vivendas:

Tipo A-78,75 M2, superficie útil

Tipo B-52,20 M2, superficie útil

Tipo C-64,65 M2, superficie útil

Tipo D-71,35 M2, superficie útil

Garaxe: O garaxe, plantxase en planta baixa a cota de beirarrúa, cun total de 14 pazas de garaxe numeradas do 1 ao 14; e cunhas dimensións mínimas de 4,50 x 2,20.

Acéptase a súa configuración de acceso ao proxectarse a nivel de beirarrúa sen rampas nin desniveles, dispoñendo na súa urbanización frontal exterior, un aparcamento en batería oblicua.

A porta de acceso, construírase con apertura por elevación, seccionable ou enrolable mediante accionamiento automático telemando desde o interior e exterior ancho mínimo entre guías de tres metros, así como o seu correspondente accionamiento manual e balizas luminosas de manobra.

Constan as correspondentes xustificacións do C.T.E., dos D.B. exigibles.

Urbanización frontal: Construírase según definición do proxecto coas súas correspondentes conexións ás redes públicas de abastecemento y saneamento. (Condicións de "Aqualia").

Cumprimentado o presente expediente, e cas xustificacións regulamentarias, deberase formalizar a cesión de terreos frontais, así como o establecemento da garantía das obras de urbanización, por un importe de 12.000,00 €.

Previo ao inicio das obras, procederase ao tiro de cordas de alienación frontal, así como ao levantamento da súa correspondente acta.

Deberase o correspondente expediente técnico para a instalación e posta en funcionamento da instalación de gas según as disposicións regulamentarias de aplicación.

Unha vez finalizadas as obras, solicitarase a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación, para o que se aportará a documentación técnica regulamentaria”.

#### LICENZAS DE PARCELACIÓN

“Vista a solicitude, de data 8 de Marzo de 2007, presentada por **don Ignacio Losada Rivas**, con domicilio en San Cristovo nº 9, na que interesa a concesión de licenza de reparcelación de fincas sitas na estrada OU-504 núm. 143, San Cristovo (Ref.. Catastral 16.47.9-38).

Visto o informe do técnico municipal, de data 20 de abril de 2007 e a documentación técnica, redactada pola arquitecta Dona Gemma Barcala Domínguez, con visado colexial de data 6 de febreiro de 2007.

Tendo en conta que a parcelación deberá axustarse o esquema xeral que presenta a Arquitecta no seu plano U03 e as superficies corresponderán coa documentación técnica aportada, así como o sinalado no artigo 204 e ss. da L.O.U.G.A..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA CONCEDER A LICENZA DE PARCELACION solicitada en base os informes e expediente de parcelación con visado 6 de febreiro de 2007 obrante no expediente”.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.**

#### INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Francisco Martín Moreno, na representación de France Telecom España S.A. (anteriormente Retevisión Móvil S.A.)**, con domicilio no Parque Empresarial La Finca, Paseo Club Deportivo nº 1, Pozuelo de Alarcón, Madrid, en virtude da instancia nº2439 de data 25 de maio de 2006 e nº 1936 de data 16 de abril de 2007, solicitando licencia para a instalación dunha estación base de telefonía celular da rede DCS 1800, sito no Monte de Santa Cristina, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona (consta Autorización da Dirección Xeral de Urbanismo a través de Resolución de data 10-10-06).- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Francisco Martín Moreno, na representación de France Telecom España S.A., para a

instalación dunha estación base de telefonía celular da rede DCS 1800, sito no Monte de Santa Cristina, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

#### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Iglesias Blanco**, con domicilio na rúa Grande nº 20, San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Iglesias Blanco**, con domicilio na rúa Grande nº 18, San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando iniciación de procedemento de revisión de autorización de verquido”.

-“Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando que o vindeiro 14 de agosto terá lugar no Concello de Ribadavia a celebración das XXIV Xornadas de Folclore”.

-“Da Dirección Xeral de Bellas Artes y Bens Culturais, comunicando Resolución de data 11 de abril pasado concedendo unha subvención de 200.000 euros para atender gastos derivados da restauración do Castelo dos Sarmientos, ano 2007. Así mesmo a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aceptar dita subvención en todos os seus términos e condicións fixadas na Resolución, comunicando o devandito acordo a Dirección Xeral”.

-“Da Dirección Xeral de Transportes, comunicando Acta de posta en funcionamento da infraestrutura da Estación de Autobuses de Ribadavia”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **ADQUISICION DE INMOBLES PARA A CONSTRUCCIÓN DUN AMBULATORIO (P.A.C.) EN RIBADAVIA.-**

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 11-12-06, relativo a adquisición de inmobles para a construción dun ambulatorio (P.A.C.), en Ribadavia e tendo en conta os erros nas referencia das parcelas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda, correxilo quedando o acordo do seguinte xeito:

“Considerando que, con data 13-11-06 e 05-12-06, emitíuse informe técnico pericial sobre o valor do ben, atendendo a súa calificación, ubicación, etc.

Considerando que, con data 05-12-06, emitíuse ó efecto informe favorable polo Interventor sobre a existencia de suficiente consignación presupuestarias para facer frente ó pago do citado ben, en concreto na partida 60.600 600.00 432 (Adquisición de Terreos) do Presuposto vixente.

Considerando que, os propietarios dos inmobles obxecto deste expediente formularon contestación sobre a súa adquisición a título oneroso polo Concello, quedando constancia da invitación cursada a dito interesado.

Visto os informes de Secretaría con data 10-11-06 e 07-12-06, e de conformidade co disposto no artigo 21.1.p) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, e Resolución da Alcaldía de data 16-06-03, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade adópota o seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Adquirir os seguintes inmobles:

1.- Referencia: Rexistro da Propiedade de Ribadavia, Tomo 432, Libro 68, Folio 104, fica 9204, Inscrición primeira que pertencente a Don Juventino Fernández Justo e Dona Carmen Sobrino Alonso, que dispón de 445,40 m<sup>2</sup>, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 8.908 euros.

2.- Referencia: Rexistro da Propiedade de Ribadavia, Tomo 432, Libro 68, Folio 105, fica 9205, Inscrición primeira que pertencente a Don Juventino Fernández Justo e Dona Carmen Sobrino Alonso, que dispón de 160 m<sup>2</sup>, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 3.200 euros.

3.- Referencia. Catastral 0618337NG7801N0001HE situado en San Lázaro nº 5, pertencente a Don Ramón Fernández Juste, que dispón de 578,24 m<sup>2</sup>, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 11.564,8 euros.

4.- Referencia.Catastral 0618338NG7801N0001WE situado no Camiño da Barca nº 14, pertencente a Don Avelino Fernández Vázquez, Don José Fernández Fernández e Dona Ana Maria Fernández Fernández, que dispón de 843,90 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 16.878 euros.

5.- Referencia.Catastral 0618339NG7801N0001AE situado no Camiño da Barca nº 14, pertencente a Dona Generosa Fernández Juste, que dispón de 492,81 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 9.856,2 euros.

6.- Referencia.Catastral 0618340NG7801N0001HE situado no Camiño da Barca nº 14, pertencente a Don Ramón Fernández Juste, que dispón de 242,52 m2, a título oneroso para destinalo a construción do P.A.C., polo prezo de 4.850,4 euros.

Os inmobles adquírensen libres de cargas, gravámens e arrendamentos e ó corrente no pago de Tributos. Os gastos de escrituración e rexistro correrán pola conta do Concello.

**SEGUNDO.** Dispoñer o correspondente gasto con cargo a partida 60.600 600.00 432 (Adquisición de Terreos) do Presuposto vixente.-

**TERCEIRO.** Notificar os adxudicatarios o presente acordo e citalos ante a Notaría, no seu momento, para elevar a Escritura pública a adquisición realizada”.

#### **INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO.-**

“En relación co Decreto 347/1998, do 18 de decembro, pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego, de Dona Rocio Estévez Rodríguez, de Centro de Arte, para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionalo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente pola Axencia de Desenvolvemento Local, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego, a Dona Rocio Estévez Rodríguez, para a creación dun Centro de Arte, e continuar a tramitación do devandito expediente.”

#### **ORDE DO 12 DE MARZO DE 2007 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONS DESTINADAS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA DIRIXIDAS A FAVORECER E DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES E COA PREVENCION E ELIMINACION DA VIOLENCIA DE XENERO.**

“Vista a Orde de 12 de Marzo de 2007 pola que se convocan subvencións destinadas a entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres homes e coa prevención e eliminación da violencia de xénero, publicada no DOGA nº 64, de 30 de marzo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres homes e coa prevención e eliminación da violencia de xénero, de acordo co artigo 5.4.b) da Orde.

Segundo.- Designar como representante do Concello o concelleiro Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

#### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/07.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº2 /07, por importe de 12.020,24 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.